

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE SETEMBRO DE 2025, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
	D. XESÚS CASTRO BLANCO
	D ^a . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
(Escusa asistencia)	D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE
Secretaria	D ^a . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e catro de setembro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (30/07/2025).

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral do exercicio 2024 (Expediente núm. 2025/T017/000001)

Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao orzamento do ano 2024 e rendida polo Alcalde-Presidente por resolución da alcaldía núm. 645/2025 do 22.07.2025, ao obxecto de dar cumprimento aos requisitos previstos no artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), propónse á Comisión de Economía e Especial de Contas a emisión do seguinte ditame:

Primeiro: Informar favorablemente a Conta Xeral do Orzamento de 2024 do Concello de Vedra, composta pola seguinte documentación:

Contas anuais:

- a) Balance
- b) Conta do resultado económico -patrimonial
- c) Estado de cambios no patrimonio neto
- d) Estado de fluxos de efectivo
- e) Estado de Liquidación do orzamento
- f) Memoria comprensiva dos seguintes apartados:
 - Organización e actividade.

- Xestión indirecta de servizos públicos, convenios e outras formas de colaboración.
- Bases de presentación das contas.
- Normas de recoñecemento e valoración.
- Inmobilizado material.
- Patrimonio público del solo.
- Inwestimentos inmobiliarios.
- Inmobilizado intanxible.
- Arrendamentos financeiros e outras operacións de natureza similar.
- Activos financeiros.
- Pasivos financeiros.
- Activos construídos ou adquiridos para outras entidades e outras existencias.
- Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
- Provisións e continxencias.
- Información sobre medio ambiente.
- Activos en estado de venta.
- Presentación por actividades da conta del resultado económico patrimonial.
- Resumo do desenvolvemento do proceso de xestión dos recursos.
- Operacións non orzamentarias de tesouraría.
- Contratación administrativa.
- Valores recibidos en depósito.
- Información orzamentaria.
- Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.
- Información sobre el custe da entidade
- Acontecementos posteriores ao peche.
- Estado de Conciliación Bancaria.
- Balance de Comprobación.

Ás contas anuais acompañase a seguinte información complementaria:

- a) Acta de arqueo a fin de exercicio.
- b) Certificacións dos saldos existentes nas mesmas a fin de exercicio.

Segundo: Dispoñer a súa exposición pública por un prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, de acordo co disposto no artigo 212.3 do TRLRFL.

Terceiro: Sometela ao Pleno da Corporación transcorrido o dito prazo. De presentárense reclamacións, será preciso un novo informe desta Comisión antes da remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.

Cuarto: Remítala ao Tribunal de Contas atendendo ao modelo e formato normalizado recomendado pola Resolución de 13 de novembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un novo formato normalizado da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático para a súa rendición, e que responde ao esquema de ficheiro formato “xml”, remitíndose de xeito telemático a través do portal de rendición de contas.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que son unhas contas que veñen dadas por como xestiona o grupo de goberno. O seu grupo pensa que se podía xestionar doutra forma. Anuncia o voto en contra do seu grupo.

O Sr. Pose, do BNG, manifesta que a rendición de contas anuais constata ano tras ano a decadencia municipal.

A débeda por habitante, que se pode consultar en calquera documento onde se recollen as débedas per cápita municipais a nivel de todo o territorio español, sitúa a Vedra como un territorio á cola na contorna. A débeda per cápita de Boqueixón e Touro é de cero euros, a de Teo é de nove euros, en Santiago de Compostela é de 176 euros e a de Vedra ascende a 418 €.

A relación de endebedamento é do 66%, é dicir, Vedra debe 2/3 do que xeran os ingresos ao patrimonio, o que tecnicamente se chama un risco financeiro elevado.

Existen dous parámetros para valorar isto: a renda per cápita e a débeda per cápita, a cal é falsa posto que o grupo de goberno ten inflado o padrón municipal de habitantes e en canto eliminan o ano que vén os mexicanos, arxentinos e demais que estaban empadroados nas casas de militantes do PP, a débeda per cápita subirá. Ademais haberá menos ingresos, polo tanto a relación de endebedamento tamén se incrementará.

Solicita que a próxima vez que lles envíen un documento deste tipo o fagan nun pdf editable para que poidan traballar sobre el.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, sinal que o documento técnico é impecable. O seu grupo vaise abster tendo en conta que reflicte unha débeda moi elevada.

A Presidencia sinala que efectivamente é un documento técnico e o que se está votando é ese documento.

Respecto ao manifestado polo BNG, di que seguen dicindo que todo é unha catástrofe e cre que fan unhas interpretacións e consideracións erradas.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP, tres en contra do BNG e unha abstención do PSdeG-PSOE.

3º.- Acordo de adhesión, se procede, ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (Expediente núm. 2025/A006/000006)

O día 04.07.2025 asinouse un novo convenio marco entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE), que ten por obxecto regular o marco de colaboración no que se desenvolverán as actividades de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) que se recollan nas instalacións de recollida das entidades locais, a través dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor asinantes, no marco xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de asegurar o cumprimento do esixido no Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

As entidades locais que se adhiran a este convenio marco consenten que a organización dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos sexa levada a cabo polos SRAP, conforme á súa responsabilidade e sobre a base das compensacións económicas previstas no mesmo, que de conformidade co disposto na cláusula novena terán carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2025 para todas as entidades locais que se adhiran con anterioridade ao 30.09.2025 e cumplan os requisitos establecidos no mesmo.

De acordo co disposto na cláusula quinta do citado convenio propónse ao pleno:

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade do Concello de Vedra de adherirse ao convenio marco asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE) con data 04.07.2025.

SEGUNDO.- Remitir a solicitude de adhesión xunto coa restante documentación á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (Procedemento PR004).

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

4º.- Acordo de adhesión, se procede, ao convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de pilas e acumuladores (Expediente núm. 2025/A006/000007)

O día 21.07.2025 asinouse un novo convenio marco entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de pilas e acumuladores que figuran como partes no mesmo, que ten por obxecto regular o marco de colaboración no que se desenvolverán as actividades de xestión de residuos de pilas e acumuladores que se recollan no territorio das entidades locais galegas adheridas na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de asegurar o cumprimento do esixido no Real Decreto 106/20008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental de residuos, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

As entidades locais que se adhiran a este convenio marco consenten que a organización dos residuos de pilas e acumuladores sexa levada a cabo polos SRAP, conforme á súa responsabilidade e sobre a base das compensacións económicas previstas no mesmo, que de conformidade co disposto na cláusula novena terán carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro de 2025 para todas as entidades locais que se adhiran con anterioridade ao 30.09.2025 e cumpran os requisitos establecidos no mesmo.

De acordo co disposto na cláusula quinta do citado convenio propónse ao pleno:

PRIMEIRO.- Manifestar a vontade do Concello de Vedra de adherirse ao convenio marco asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de aparellos eléctricos e electrónicos (AEE) con data 21.07.2025, na seguinte modalidade:

OPCIÓN B: O Concello manifesta a súa vontade de non coordinar nin sufragar o servizo de recollida, transporte (dende os puntos de recollida selectiva dos residuos –PRS – ata o punto de recollida municipal – PRM –) e a almacenaxe temporal dos residuos de pilas e acumuladores e, polo tanto, que este sexa realizado polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor conforme ás condicións e prazos establecidos na cláusula quinta do citado convenio marco.

SEGUNDO.- Remitir a solicitude de adhesión xunto coa restante documentación á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (Procedemento PR004).

Posta a votación, apróbase por unanimidade dos asistentes.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do Grupo Municipal do BNG sobre a vaga de lumes forestais que asolou Galicia no mes de agosto e as medidas necesarias para evitar que se repita esta catástrofe mediante unha política de prevención e unha xestión integral do medio (Expediente núm. 2025/X006/000098)

Dáse conta da citada moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, na que na se expón que Galicia viviu no pasado mes de agosto unha das peores vagas de lumes forestais da súa historia recente, que segundo o sistema europeo Copernicus estimou en máis de 143.000 hectáreas queimadas en agosto.

Esta vaga de lumes é consecuencia directa dunha xestión absolutamente negligente por parte do goberno galego, tanto na prevención coma na xestión da emerxencia, amosando o modelo de loita contra o lume unha vez máis o seu absoluto fracaso. A falta de planificación, prevención e de recursos eficientes por parte da Xunta converteu a situación nunha auténtica catástrofe. A xestión foi errática, sen a coordinación necesaria, deixando a moitas brigadas e concellos traballando en circunstancias extremadamente adversas e , en moitos casos, en total desamparo, demostrando que a política forestal do PP non está á altura das necesidades dun país co 70% da súa superficie arbórea.

O BNG defende un cambio estrutural e unha estratexia integral sobre o conxunto do territorio que teña como obxectivo evitar que un desastre deste tipo se volva a repetir. Galicia precisa dunha alternativa de futuro para o medio rural, un plan que procure a atención inmediata ás persoas afectadas, a recuperación ambiental real, un novo modelo de monte multifuncional, unha prevención estrutural e eficaz, e a revitalización socioeconómica do rural.

Polo que solicitan ao Pleno a adopción dos seguinte acordos:

1º.- Instar á Xunta de Galicia á inmediata posta en marcha dun Fondo de Recuperación Económica , Social e Ambiental Xunta –Estado para facer fronte aos danos da vaga de lumes. Este fondo deberá incluír axudas directas de ata 200.000 euros para autónomos, pequenas e medianas empresas e a economía social, coa mínima burocracia posible.

2º.- Urxir á Xunta de Galicia a pór en marcha un Plan de Emprego Verde de restauración ambiental das áreas afectadas, que se centrará na restauración ecolóxica, a protección da biodiversidade e a recuperación dos solos.

3º.- Demandar da Xunta a aprobación dunha moratoria inmediata a novas plantacións de eucalipto para reconducir a política forestal cara un modelo de monte ordenado e multifuncional que xere riqueza e que sexa máis resiliente fronte aos lumes.

4º.- Instar á Xunta de Galicia a duplicar os fondos de prevención nos dous próximos anos.

5º.- Esixir o reforzo e a profesionalización dos servizos de prevención e extinción, incluíndo a creación de 70 brigadas móbiles de vixilancia e a dotación de medios e equipos adecuados para o ataque a grandes incendios. Tamén garantir a mellora das condicións laborais do persoal do servizo.

6º.- Instar á Xunta a que revise o marco competencial actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nomeadamente en relación coa xestión das redes secundarias de faixas de biomasa, co obxecto de que sexa a Xunta quen asuma a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas de propiedade descoñecida.

7º.- Demandar ao goberno galego que impulse a revitalización socioeconómica do rural, promovendo a mellora dos servizos, o incremento do financiamento dos concellos e alternativas produtivas sostibles e que fomenten a mobilización de terras para a produción sustentable de alimentos.

8º.- Demandar a asunción de responsabilidades políticas por parte dos máximos responsables do goberno galego, comezando polo Presidente da Xunta, Alfonso Rueda, pola súa xestión “absolutamente negligente” e por converter a vaga de lumes nunha auténtica catástrofe que podería terse evitado.

9º.- Adherirse ás mobilizacións convocadas para esixir responsabilidades e apoio na reconstrución e rehabilitación das propiedades e dos espazos rurais e naturais danados.

O Sr. Pose, do BNG, sinala que esta é unha moción de partido. Son case 150.000 has. queimadas. É unha moción suave comparada coa presentada polo PP, na época do bipartito, cando foi a vaga de lumes do ano 2007.

Parécelle lóxico presentala neste momento e lóxica a exposición de motivos despois de décadas de goberno do PP.

Gustaríalle saber as chamadas que fixo o grupo de goberno cando Vedra estaba nunha situación de emerxencia, parroquia por parroquia, para saber quen tiña aínda cubas e as que estaban activas; se se fixo unha limpeza do acceso aos ríos, etcétera.

Pregunta se actualizaron a planificación e se saben que existe un convenio coa Xunta, Fegamp e Seaga, polo que hai que transferirlle a planificación de 2019 e que aínda non a integraron. Tamén pregunta se son conscientes de que a planificación non recolle todas as instalacións das pirotecnias que existen no concello. Das tres que existen en Vedra só están recollidos os talleres de Penide e non están os talleres e almacéns de Juan Gaiteiro.

Xeaga non ten a información das vivendas illadas e franxas de protección, das vías de Vedra e por suposto as instalacións perigosas por moito que a garda civil teña coñecemento da súa existencia.

Cre que é imprescindible aprobar a moción.

A Presidencia contesta que como comprenderá, que unha moción que na súa exposición de motivos fala de que a vaga de lume é “consecuencia directa dunha xestión absolutamente negligente por parte do goberno galego, tanto na prevención coma na xestión da emerxencia” e que tampouco se van sumar ás mobilizacións para pedir a dimisión de Alfonso Rueda, polo que van votar en contra.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que en ningún punto pide a súa dimisión, senón que asuma as súas responsabilidades políticas.

O Sr. Pose, do BNG, aclara que no ano 2007 pediu a dimisión do Sr. Touriño.

A Presidencia sinala que entende que o BNG presente a moción, pero tamén ten que entender que voten en contra dela. Ninguén discute que a vaga de lumes foi unha catástrofe, pero o problema é moito máis complexo. O grupo de goberno asume as palabras do presidente Alfonso Rueda na comparecencia no mes de setembro no parlamento de Galicia.

Moitos especialistas levan anos estudando este tema, e cando é un problema complexo a solución tamén é complexa. Respecto das orixes dos lumes, hai tres factores que ninguén discute: primeiro, está acreditado e demostrado, tamén en Vedra, que cando o monte arde, é porque alguén lle prende lume ben sexa de forma voluntaria ou involuntaria. Segundo, tamén inflúen as condicións climatolóxicas, como as deste ano, que foron extraordinarias. E un terceiro factor é a despoboamento dos territorios, xa que ardeu onde non se traballan as terras nin vive a xente.

O BNG indica na moción que hai que apostar polo rural, pero hai que apostar por un rural onde se poida vivir e do que se poida vivir. A Xunta destina cada ano máis de tres mil millóns de euros en financiar a remuda xeracional das actividades agrarias, no banco de explotacións, axudas para a incorporación de persoas novas, a profesionalización das actividades agrarias, impulso das DO e IXP, programas de impostos cero no rural, reducións por nacemento de fillos en concellos pequenos, as casas niño, as casas do maior, melloras de comunicación terrestres e de telefonía, axudas á xuventude para a adquisición de vivenda en concellos de menos de 10.000 habitantes, o programa Galicia retorna e outras moitas medidas que como dixo o presidente Alfonso Rueda “un rural con actividade vai sempre ser un rural con futuro. Un rural de postal ao que se lle neguen todas as oportunidades de crecemento económico é un rural

condenado a esmorecer lentamente. É moi fácil dende os núcleos máis poboados e núcleos urbanos dicir o que hai que facer e o que non”.

Fai súas as propostas do presidente da Xunta no parlamento, tanto as que están en marcha como as que se van poñer en funcionamento en canto a prevención e extinción. En canto ás de prevención, dende o 2018 a Xunta duplicou o orzamento destinado á prevención de incendios (de 25 a 50 millóns de euros). Aprobouse unha lei de recuperación da terra agraria con elementos como os polígonos agroforestais, as permutas, etcétera. Tamén se aprobou un plan forestal a partir do cal se incrementou nun 50 % a superficie de frondosas e multiplicouse por cinco as hectáreas de monte ordenado. No tema das faixas secundarias, asumírase pola Xunta de Galicia nos concellos de menos de 10.000 habitantes as limpezas por parte de Seaga e despois pasarán a factura aos propietarios máis a sanción correspondente. Tamén houbo un impulso á plantación de frondosas; duplicarase a contía destinada a labores de limpeza nos vindeiros orzamentos ademais de reforzar as iniciativas de apoio aos concellos para a contratación de persoal do programa Aprod rural. Están a estudar cambios legais para cando a xente non limpa e impide a entrada para que se limpe subsidiariamente para que se poida acceder.

Tamén hai propostas na extinción dos incendios. O operativo foi o máis grande que nunca houbo en Galicia. O presidente da Xunta propón crear unha base permanente da UME en Galicia, e seguen a mellorarse as condicións de traballo do persoal de prevención e extinción. Dous terzos do persoal do servizo de prevención e defensa contra incendios xa traballan os doce meses do ano e o outro terzo xa traballou este ano oito meses e o vindeiro ano serán nove meses. Haberá máis medios aéreos coa incorporación de avións e helicópteros e a creación de novas bases.

As propostas de reconstrución para a reparación do medio natural. As axudas con partidas abertas para que cheguen a todos os que sufriron os danos para a reparación de domicilios habituais, vivendas ocasionais, reparación ou substitución de mobiliario, axudas a explotacións agrícolas, gandeiras e forestais, axudas a concellos para afrontar os gastos derivados dos lumes, etcétera. Estas axudas non computarán a efecto do IRPF e serán compatibles coas doutras administracións. Todas estas axudas, moitas delas xa implementadas e outras anunciadas polo presidente da Xunta de Galicia no parlamento o día 9 de setembro, veñen a cubrir parte do que o BNG propón na moción.

Xa está en marcha o fondo de recuperación, o plan de emprego de restauración ambiental. A moratoria a novas plantacións de eucalipto chega a finais deste ano e vaise falar co sector para ver cal é a situación agora mesmo.

Os fondos de prevención xa se foron incrementando; a profesionalización e reforzo dos servizos de prevención e extinción xa se foron mellorando. A Xunta asume a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas de propiedade descoñecida en concello de menos de 10.000 habitantes.

Na moción o BNG fai peticións que non van apoiar, como esixir responsabilidades políticas, pero nas outras medidas, que coinciden coas que anunciou o presidente da Xunta de Galicia, algunhas xa están en marcha e outras vanse implementar de xeito inmediato. Por iso van votar en contra da moción.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, sinala que a vaga de lumes foi unha catástrofe e puido ser peor a traxedia sen o apoio de veciños, voluntarios, GES e brigadas municipais.

Non están de acordo ao 100% coa moción. Cando falan de duplicar os fondos de prevención, consideran que é tan importante duplicalos como executar os que xa existen. O PLADIGO 2025, que a lei obriga a presentalo en outubro, publicouse en maio, cando a campaña de lumes xa estaba enriba, polo que chegou tarde e quedaron fondos sen executar.

Cre que é interesante ter en conta que a seguridade das persoas é o primeiro. Desenvolver e implantar un plan de autoprotección e de evacuación para os núcleos de protección en zonas de alto risco con participación da veciñanza e dos concellos é imprescindible. Considera que se debería presentar no parlamento un proxecto dos medios de loita existentes na comunidade autónoma, dos reforzos necesarios, da distribución territorial axustándose á incidencia do lume nas comarcas e distritos tal e como recomendaron os expertos e como consta no ditame aprobado no parlamento.

O Sr. Pose, do BNG, di que en Vedra no ano 2008 non aconteceu nada porque Odón Cobas fixo ben o seu traballo, algo que o grupo de goberno do PP non fixo nesta crise.

A facultade de enxeñeiros forestais de Galicia leva 10 anos entregando un informe periódico dicindo o que ía pasar e as medidas a adoptar e o PP non fixo ningún caso.

Está claro que todas as medidas que dixo antes no argumento do PP non serven, porque arderon 150.000 hectáreas, polo que cre que é o momento de comezar de cero.

A moratoria do eucalipto en Galicia non foi certa. Pregunta se coñecen a cantidade de eucalipto que se plantou en Galicia dende que a moratoria está vixente.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que bota en falta unha prevención e limpeza do rural total e absoluta, medios que os expertos denunciaron, que non pediran axuda ao goberno central, etcétera.

O rural ten que ser para traballar e vivir e nin as macrofábricas nin os viñedos industriais van ser a solución ao rural galego, non atraen poboación, máis ben ao contrario.

Posta a votación, rexítase con oito votos en contra do PP, tres votos a favor do BNG e unha abstención do PSdeG-PSOE.

6º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo Grupo Municipal do BNG de recoñecemento institucional da existencia dun xenocidio sobre Palestina planificado e executado polo estado de Israel.

Declárase a urxencia da mesma, que é aprobada por unanimidade.

Dáse conta da solicitude presentada polo Grupo Municipal do BNG de Vedra na que expoñen que dende outubro de 2023 a poboación civil de Gaza sofre unha ofensiva militar e un bloqueio que segundo informes de organizacións internacionais e medios independentes constitúe un xenocidio en curso conforme á Convención da ONU de 1948.

Os datos son demoledores: máis de 65.000 palestinos asasinados en Gaza, dos cales case un 70% son nenos e mulleres e polo menos 210 xornalistas asasinados no exercicio da súa profesión; a poboación civil está sometida a unha fame deliberada, documentándose mortes por mal nutrición severa;; destrución masiva de vivendas(92%); 0 94% dos hospitais de Gaza están destruídos ou inutilizados; os ataques forman parte dun patrón sistemático que destrúe vivendas, hospitais, escolas e infraestruturas vitais, bloqueio total e retórica deshumanizadora mostran unha vontade política de destruír.

A ONU recoñece oficialmente a existencia dun xenocidio o 16 de setembro de 2025.

A Comisión Internacional independente de Investigación sobre o Territorio Palestino Ocupado identificou catro actos prohibidos pola Convención sobre o Xenocidio de 1948 que se estarían levando a cabo:

- 1.- Matanza de membros do grupo (pobo palestino).
- 2.- Lesión grave á integridade física ou mental dos membros do grupo.
- 3.- Sometemento intencional do grupo a condicións de existencia que supón a súa destrución física, total ou parcial.
- 4.- Imposición de medidas destinadas a impedir os nacementos dentro do grupo.

Por todo iso solicitan aprobar no Pleno a seguinte declaración:

O Concello de Vedra recoñece oficialmente que en Gaza se está a acometer un xenocidio e expresamos colectivamente a nosa solidariedade co pobo palestino.

Solicítase tamén que se aproben as medidas complementarias para facer pública a declaración plenaria:

1º.- Instar á Xunta de Galicia, ao Goberno de España e á Unión Europea a adoptar medidas urxentes para deter esta situación e garantir responsabilidades internacionais.

2º.- Difundir este recoñecemento en todos os medios oficiais municipais.

3º.- Difundir este recoñecemento a través de nota de prensa comunicada aos principais xornais e radios do país (nomeadamente “La Voz de Galicia”, “EL Correo Gallego”, “Radio Galicia, Cadena Ser”, “Cope Galicia”, “TVG”, etc).

O Sr. Pose, do BNG, di que a moción ten por obxectivo que o concello de Vedra sinala o xenocidio que se está a cometer e que non ten xustificación ningunha. Que alguén dentro duns anos cando revise as actas das sesións plenarias, nestas figure que a corporación municipal de Vedra estaba de acordo en que se cometeu un xenocidio.

A Presidencia di que non vai haber ningún tipo de dúbida. Nun pleno anterior o PP trouxo unha moción semellante a petición de Amnistía Internacional. Anuncia o apoio do seu grupo á moción.

Gustaríalle aprobar tamén en pleno o que enviou a FEGAMP, aprobada polos tres grupos políticos na que tamén se condena toda forma de antisemitismo e islamofobia, reafirmando o compromiso co respecto a todas as comunidades, culturas e relixións, e expresando a súa solidariedade con todas as vítimas, especialmente coas persoas desprazadas, feridas ou que perderon aos seus seres queridos en Gaza.

Dáse conta do texto achegado pola FEGAMP.

O brutal ataque de Israel contra a poboación palestina de Gaza suma máis de 60.000 mortos (dos que máis de 16.000 son menores), máis de 100.000 feridos e borrou da face da terra a familias enteiras, arrasando barrios residenciais, destruindo infraestruturas críticas e desprazando forzosamente a 1,9 millóns de palestinos e palestinas (máis do 90% da poboación da Franxa de Gaza), causando unha catástrofe humanitaria sen precedentes. Son cifras arrepiantes, inaceptables, que vulneran calquera noción básica do principio de humanidade e que violan os fundamentos básicos do dereito internacional e do dereito internacional humanitario.

De maneira sistemática e a gran escala, o goberno israelí está bombardeando e disparando sobre a poboación civil, ademais de privarlles da necesaria auga e alimentos para a subsistencia. O emprego da fame como arma de guerra, a destrución sistemática de hospitais, escolas e centros humanitarios, así como o asasinato de 330 traballadores e traballadoras da ONU e de máis de 200 xornalistas constitúen violación flagrantes do Dereito Internacional Humanitario.

En pleno agravamento da operación militar contra a poboación de Gaza hai que sumar a aparición da fame negra, que xa provocou a morte de máis de 300 persoas, incluíndo máis de 120 nenos e nenas. A Organización Mundial da Saúde (OMS) calculou que case dous millóns de menores están en situación de inseguridade alimentaria severa e 345.000 nunha fase catastrófica, con 12.000 en malnutrición severa mentres Israel bloquea na fronteira a axuda humanitaria, sinalando que, mesmo con axuda a curto prazo, as secuelas na saúde dunha xeración de palestinos e palestinas serán permanentes.

O goberno de Israel segue cometendo ataques implacables impunemente que causan a perda incesante de vidas civís palestinas mentres a catástrofe humanitaria en Gaza segue empeorando, polo que a FEGAMP, en representación dos concellos e deputacións provinciais galegas, institucións democráticas firmemente comprometidas cos valores da paz, da xustiza e os dereitos humanos, recolle o sentir da cidadanía galega e acorda demandar o seguinte:

- Que o goberno de Israel poña fin ao bloqueo humanitario imposto en Gaza, garantindo, baixo a coordinación de Nacións Unidas, o acceso completo e sen restricións da poboación de Gaza á asistencia humanitaria en base aos principios de imparcialidade, independencia e neutralidade e poñan fin á ocupación israelí de Gaza, poñendo en práctica a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza de xullo de 2024 que declaraba ilegal a ocupación por Israel de Gaza e de Cisjordania, incluída Xerusalén Oriental.
- Que o goberno de Israel e Hamás acorden e manteñan un cese do fogo inmediato e sostido encamiñado a protexer a vida da poboación civil en Gaza e se garantan as vías seguras para a entrada de axuda humanitaria na Franxa de Gaza.
- Que o goberno israelí deixe inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o Xenocidio contra a poboación palestina de Gaza.
- Que a organización terrorista Hamás e outros grupos armados en Gaza liberen inmediatamente aos civís israelís e estranxeiros retidos como reféns, e Israel libere ás persoas palestinas detidas arbitrariamente.
- Que a Unión Europea desenvolva urxentemente a iniciativa política e diplomática necesaria en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas, para que se garanta o respecto aos Convenios de Xenebra que existen, como mínimo, que todos os Estados suspendan as transferencias de armas ás partes do conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoien as institucións e mecanismos internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación da ONU sobre o Territorio Palestino Ocupado.
- Que a Unión Europea se opoña frontalmente a calquera intento de establecer unha presenza militar israelí permanente en Gaza, de modificar as súas fronteiras ou de deportar á poboación palestina de Gaza ou Cisjordania, e recoñeza que este traslado forzoso é unha grave infracción do Cuarto Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra.
- Que os concellos e as deputacións provinciais galegas condenen enerxicamente toda forma de antisemitismo e islamofobia, reafirmando o compromiso co respecto a todas as comunidades, culturas e relixións, e expresando a súa solidariedade con todas as vítimas, especialmente coas persoas desprazadas, feridas ou que perderon aos seus seres queridos.

Posta a votación, apróbase por unanimidade a moción presentada polo BNG e ratifícase o texto enviado pola FEGAMP.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- As preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, xa foron contestadas no seu momento.

-- Ás preguntas formuladas por Dona Yolanda Vieiro, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a se lle vai reclamar á empresa construtora do parque de San Xián polas modificacións que se fixeron debido á mala colocación de elementos, a Presidencia di que si o van facer.

2º.- Sobre a actuación feita en Socastro por ADIF, a Presidencia di que está pendente unha reunión co responsable de ADIF na provincia de A Coruña para que lle aclare se eles teñen programada algunha actuación nese lugar. Se non a teñen programada, solicitará que fagan algo porque non pode quedar dese xeito, xa que hai un tramo duns 5 m que realmente é moi perigoso. Recorda que a pista é toda de ADIF.

8º.- Rogos e preguntas.

-- O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita revisara a planificación anual da xestión de biomasa e retirada de especies arbóreas realizada dende 2018 de acordo co convenio de colaboración coa Xunta de Galicia en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais.

2º.- Pregunta cal foi a a chega financeira anual da Consellería de Medio Rural para garantir a correcta xestión da biomasa forestal, así como se o concello de Vedra fixo algunha achega económica á citada consellería e cantos veciños e empresarios se adheriron a ese convenio.

3º.- Pregunta como é posible que tendo sido remitida a planificación de protección contra incendios de Vedra a Seaga para que esta a incorporara na súa propia planificación no ano 2019, a día de hoxe non estea integrada. Pregunta se son conscientes da problemática que causaría este erro no caso dunha vaga de incendios, así como que no plan xenérico de Seaga non aparezan as franxas de protección de vivendas illadas, vías e as das pirotecnias que hai en Vedra, porque só está recollido o taller de Penide.

4º.- Solicita que a documentación que se envíe en formato pdf, estes se poidan editar.

5º.- Solicita que nas axudas ao estudo se incorporen os créditos necesarios para cubrir as necesidades das familias con dereito a elas que quedaron sen elas por esgotarse o crédito.

A Presidencia contesta que están a traballar niso para que poidan entrar.

6º.- As comisións de festas contratan os seus propios servizos de limpeza para despois das festas e os perímetros dos campos da festa quedan sempre con lixo. Solicita que se envíe o servizo municipal de limpeza para limpar esas zonas.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e dez minutos.

Asdo: A Secretaria: Mercedes Pereiras Caldelas

Asdo: O Alcalde: Carlos Martínez Carrillo